

Antropoloxía platónica

A concepción platónica da natureza do home é a manifestación dunha tensión, dunha complexidade que comeza polo carácter dual do ser humano, corpo e alma, que é a expresión do dualismo metafísico que da lugar aos dous mundos platónicos. O home estaría composto por dous elementos, un material, o corpo, e outro inmaterial, a alma. Así pois, a alma sería o elemento oposto á corporeidade. As veces Platón expresa dita tensión afirmando que o corpo é a cárcere da alma.

Segundo Platón, a propiedade distintiva de que algo estea vivo é que se mova a si mesmo. A alma móvese por si mesma e transmítelle ese movemento ao corpo, que doutra maneira sería inerte (inanimado). Por iso, a alma predomina sobre o corpo, é anterior a el e a súa unión é accidental e temporal, xa que é separable deste. A diferenza do corpo, que é mortal, a alma é inmortal.

No *Fedón*, Platón define a alma como inmortal, simple, semellante ao divino e indivisible, mentres que o corpo pertence ao mundo sensible e é mortal, multiforme e irracional. A alma non é visible, ao contrario que os elementos materiais, lume, aire, terra, auga, porque pertence ao mundo intelixible. Así, mentres que o corpo morre, corrómpese e desaparece porque pertence ao mundo sensible, a alma marcha cara un lugar distinto, invisible, divino e inmortal (o mundo intelixible ou das Ideas).

Xa no *Menón*, Platón faise eco das conviccións pitagóricas sobre a inmortalidade e transmigración das almas, pero é no *Fedón* onde Platón presenta tres argumentos ou demostracións da inmortalidade da alma:

- a) Argumento dos contrarios: A cada estado segue o seu contrario. Ao durmir segue sempre o despertar (senón, todo acabaría por estar durmido). E ao morrer segue sempre o revivir (senón, todo ficaría morto).
- b) Argumento da reminiscencia: Temos nocións previas (como a de “igual a”) que non sacamos da experiencia (na cal xamais hai dúas cousas exactamente iguais), senón que as lembramos de antes de nacer, cando a nosa alma coñeceu o igual en si, o bo en si, o belo en si, etc. Logo a nosa alma é preexistente.
- c) Argumento do visible e invisible: As cousas incorruptibles son invisibles e idénticas a si mesmas, as corruptibles son visibles e variables. O corpo aseméllase a estas últimas, a alma ás primeiras.

Pero aínda que a alma é inmortal e a súa natureza é distinta da do corpo, Platón sostén que ambos se relacionan. A alma pode ser arrastrada polo corpo, que o atrae cos seus desexos, faise entón pesada, apegada ás cousas terrestres e sensuais como o comer e beber e todo tipo de praceres. Pola contra, se a alma non se deixa persuadir polos sentidos e se recolle en si mesma con axuda da filosofía, pode liberarse desa escravitude.

Platón non chega a explicar convincentemente a interacción alma-corpo, para el trátase dun feito evidente. Dita interacción é expresada por medio da doutrina da natureza tripartita da alma, doutrina que, segundo parece, Platón tomou dos pitagóricos. Esta doutrina da *República* volve aparecer no *Timeo*, polo que temos que supoñer que non a abandonou nunca.

Doutrina tripartita da alma

Segundo Platón a alma consta de tres “partes”: a “parte” racional, a “parte” irascible ou vehemente e a “parte” apetitiva ou concupiscible. O vocablo “parte” empregámolo aquí xustificadamente, pois é Platón quen emprega o termo; pero o poñemos entre comiñas para indicar que se trata dun termo metafórico e que non se debe interpretar no sentido de que a alma teña partes materiais e extensas. O termo “parte” aparece no libro IV da *República*, pero con anterioridade empregou o termo “forma”, o cal parece demostrar que consideraba as tres “partes” como formas, funcións ou

Tema 1: Platón

principios de acción, e non como partes en sentido material. Vexamos como caracteriza Platón as tres partes ou funcións da alma:

- a) A **razón** é o que distingue ao home das bestas, e é o elemento máis elevado. Esta parte da alma é a que entende. É o elemento inmortal, emparentado co divino, segundo o expresa o propio autor.
- b) As outras dúas formalidades ou partes, son perecedeiras, mortais. Destas, a primeira (**irascible**) é a máis nobre e é, ou debería ser, aliada natural da razón, aínda que tamén os animais a teñen. A parte irascible é a alma que quere, expresa o que poderíamos chamar a vontade.
- c) A parte **apetitiva** refírese aos desexos do corpo, pois a parte racional da alma ten os seus propios desexos, por exemplo, a paixón pola verdade. A parte apetitiva ou concupiscible, orixina as baixas paixóns como os apetitos sexuais ou o desexo inmoderado de comer e beber.

No *Timeo*, Platón localiza a parte racional da alma situándoa na cabeza, a parte irascible no peito e a parte apetitiva debaixo do diafragma (no baixo ventre). É difícil dicir se Platón entendía estas localizacións ao pé da letra. Tal vez, é o máis probable, quixese dicir que estas localizacións son os puntos de interacción entre o corpo e cada un dos principios ou “partes” da alma.

Por outra banda, a cada unha destas partes asigna Platón unha virtude. As virtudes da parte racional son a sabedoría e a prudencia, a virtude da parte irascible é a fortaleza e a virtude da parte concupiscible debe ser a temperanza ou moderación fronte aos excesos que a empurran ás paixóns espertadas polo corpo.

Pero, por que afirmaba Platón que a alma é de natureza tripartita? Principalmente pola evidencia dos conflitos que ocorren no interior da alma. Platón parece tomar como punto de partida o feito empírico de que con frecuencia rivalizan no home distintos móbiles de acción.

No *Fedro* ilústrase a complexidade da alma humana, a realidade da loita interior do home, cunha nova alegoría: o mito do carro alado.

O mito do carro alado

A alma é como un carro tirado por dous cabalos alados e conducido pola auriga (a razón). Un dos cabalos é fermoso e bo (o elemento irascible, que é o aliado da razón); o outro cabalo é feo e malo (o elemento apetitivo, “amigo de contrariar e insolentarse”), e mentres que o cabalo bo e guiado facilmente porque acata as ordes do cocheiro, o cabalo malo é indócil e tende a obedecer as voces da paixón sensual, polo que hai que refrealo e castigalo co látigo.

Mentres os cabalos teñen alas, a alma voa máis aló do ceo e contempla as formas puras (Ideas). Cando as alas se rompen, a alma cae á Terra e encárnase nun corpo.

É evidente a relación entre a doutrina tripartita da alma e a alegoría do *Fedro*. Cando a alma racional exerce correctamente a súa función e, como o auriga, guía e controla ás outras dúas partes (os dous cabalos) prodúcese a harmonía no individuo (xustiza no individuo) que, como imos ver no seguinte apartado, será despois reflexo da harmonía social (xustiza na sociedade)¹.

¹ Segundo Frederick Copleston, co mito do carro alado ponse de manifesto que o principal interese de Platón é o interese ético, que consiste en insistir en que o elemento racional ten dereito a gobernar aos outros elementos, a actuar como un auriga. Para Platón, segundo se desprende do mito que estamos a comentar, o elemento racional da alma é superior e é o que por natureza ten que gobernar aos outros: “asístele el derecho a gobernar, por ser el más afín a lo divino” (F. Copleston). Ten unha afinidade connatural co mundo invisible e intelixible, mundo que este elemento racional é capaz de contemplar, mentres que os outros elementos da alma están esencialmente ligados ao corpo, é dicir, esencialmente vinculados ao mundo visible, sensible, e, como non teñen parte directa na actividade racional non poden contemplar o mundo das ideas.